

PITEAS

Programa de Formación e Mentoring para o Desenvolvemento do Talento

PRESENTACIÓN

PITEAS, Programa de Formación e Mentoring para o Desenvolvemento do Talento, promovido pola Fundación Barrié en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Unidade de Altas Capacidades da Universidade de Santiago de Compostela USC, nace como unha iniciativa de formación de profesorado para a optimización da detección e o desenvolvemento do talento nas aulas.

Trátase dun programa baseado en modelos científicos recoñecidos a nivel internacional e, convenientemente, adaptados á realidade educativa, económica e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este proxecto aparece pola necesidade de tomar conciencia do papel fundamental que xoga a promoción do talento na evolución da sociedade. Cada persoa debe ter a oportunidade de desenvolver o seu potencial ao nivel máis alto posible; deste modo contribúese a un progreso social baseado na produción científica e creativa.

Os grandes avances da humanidade foron, son e serán resultado de persoas con moito talento e con fortes intereses persoais en determinadas áreas. Por outro lado, unha das características comúns que teñen os mellores sistemas educativos do mundo é que os e as docentes supoñen un rol central como facilitadores da aprendizaxe. Parece lóxico pensar que dotar aos profesores das ferramentas científicas e pedagóxicas axeitadas é o mellor punto de partida á hora de tratar de atender á diversidade presente en cada unha das aulas.

PITEAS busca optimizar o proceso de ensino e, en consecuencia, o proceso de aprendizaxe en todos os niveis educativos que permita dar unha resposta educativa adecuada ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, situacións sociais e identidades culturais de todo o alumnado, favorecendo o seu máximo desenvolvemento como

persoa, aproveitando o seu potencial, enriquecéndose da experiencia compartida do grupo e achegando aquilo que o fai único e irrepetible.

Defende, en definitiva, un cambio da formulación docente cara á positivización das posibilidades do alumnado.

FORMACIÓN INICIAL

Datas de celebración: 19, 20 e 21 de maio de 2016

Lugar de celebración: Sede Fundación Barrié Vigo (Rúa Policarpo Sanz, 31)

Horario de celebración: Dende o 19 de maio ás 16.00h ata o 21 de maio ás 20.30h

Duración: 20 horas

OBXECTIVOS:

- Producir un CAMBIO REAL e SIGNIFICATIVO nos/nas docentes que incida, á súa vez, no alumnado.
- DIFUNDIR a idea de que é posible outro tipo de formación.
- DESENVOLVER as destrezas que lle permitan ao docente actuar como facilitador das aprendizaxes do alumnado e atender eficazmente á diversidade.
- MELLORAR as habilidades dos/das docentes na detección, comprensión e intervención na atención á diversidade e consecuentemente no ámbito das altas capacidades.
- OPTIMIZAR e POTENCIAR o talento nas aulas.
- CREAR unha rede de centros Programa PITEAS.

CONTIDOS:

- Modelo SEM como metodoloxía para atender á diversidade. Conceptualización e implementación.
- O perfil triangular no alumnado: cognitivo, motivacional e socio-emocional.
- Actividades de Tipo II como transición entre exploración e investigación.
- O pensamento creativo como reto do sistema educativo.
- Desenvolvemento socio-emocional dos nenos e nenas.
- A motivación por aprender e o seu antónimo: revertir o “underachievement”.
- O modelo SEM en Galicia. O enriquecemento contextualizado nas nosas aulas.
- As intensidades emocionais e sensoriais dos nenos e nenas.

	Xoves 19	Venres 20	Sábado 21
9:00h-10:30h		Relatorio 2A. Planta 5ª “SEM Overview” Nicole Waicunas	Relatorio 4A (Aberto a inscritos). Planta 0 “Vivindo intensamente” Laura Reyes Quintela Relatorio 4B (Aberto a inscritos). Planta 5ª “Why Enrichment Makes a Difference: Results of Longitudinal Research on the SEM” Sally M. Reis
10:30h-11:00h		PAUSA CAFÉ	PAUSA CAFÉ
11:00h-12:30h		Obradoiro 3A. Planta 4ª “Falling” Obradoiro 3B. Planta 3ª “O SEM nú”	Relatorio 5 (Aberto a inscritos). Planta 5ª “O desenvolvimento socio-emocional dos nenos e nenas” Nicole Waicunas/Laura Reyes
12:30h-14:00h		Obradoiro 4A. Planta 4ª “Qué sente Amanda cando sube a escea?” Obradoiro 4B. Planta 3ª “Participación sen colorantes nin conservantes”	Relatorio 6 (Aberto a inscritos). Planta 5ª “The Underachievement Dilemma” Sally M. Reis
14:00h-16:00h		XANTAR LIBRE	XANTAR LIBRE
16:00h-17:30h	BENVIDA Obradoiro 1A. Planta 4ª “Cocacola para todos” Obradoiro 1B. Planta 3ª “Actúo logo existo”	Obradoiro 5A. Planta 4ª “E posible innovar sin cooperar” Obradoiro 5B. Planta 3ª “Del Faber Castell al Cluster”	Relatorio 7 (Aberto a inscritos). Planta 5ª “Houndstooth” Joseph Renzulli
17:30h-18:30h	Obradoiro 2A. Planta 4ª “Aerolineas SEM aterrizan na escola” Obradoiro 2B. Planta 3ª “Challenge Accepted”	Obradoiro 6A. Planta 4ª “Pavo a mel con sabor a Roma” Obradoiro 6B. Planta 3ª “A ritualización da espera nalguns trucos de maxia”	PRESENTACIÓNS BOAS PRÁCTICAS EDUCATIVAS
18:30h-19:00h	PAUSA CAFÉ	PAUSA CAFÉ	
19:00h-20:30h	Relatorio 1A (Aberto a inscritos). Planta 0 “O triángulo máxico das altas capacidades” Carmen Pomar Tojo Relatorio 1B (Aberto a inscritos). Planta 5ª “O uso do Enriquecimento de Tipo II” Carla Brigandi	Relatorio 3 (Aberto a inscritos). Planta 5ª “Words of Wisdom” Joseph Renzulli	

RELATORIOS

RELATORIO 1A

Data: 19.05.2016
Horario: 19:00h-20:30h
Planta: Caja de los Milagros (Planta 0)
Idioma: Español
Nivel: Inicial
Título: *"O Triángulo Máxico das Altas Capacidades"*

Síntese:

Este relatorio contextualizará dende un modelo integral e práctico a realidade das altas capacidades, en xeral, e do talento, en particular, partindo do modelo dos Tres Aneis de Renzulli e considerando todos os perfís que interveñen no proceso de aprendizaxe.

Ponente: Carmen Pomar Tojo

Directora académica do proxecto de formación do profesorado galego en identificación e promoción do talento nas aulas galegas.

Doutora en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é profesora no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación. Foi Premio Extraordinario de Licenciatura e de Traballo de Investigación de Licenciatura. Alumna de Joseph Renzulli na Universidade de Connecticut no curso CONFRATUTE e estanza postdoutoral na Universidade de Virginia tutorizada por Carolyn Callahan.

É Directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades que pertence ao servizo de Psicoloxía da Facultade de Psicoloxía da USC. Ademais é Asesora Técnica da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC) e Directora Técnica do Programa de Enriquecemento que desenvolve a citada Asociación en convenio coa USC. Profesora en Máster sobre Educación, Familia, Literatura Infantil e Necesidades Educativas Especiais nas Universidades de Santiago e de Vigo. Profesora en cursos e seminarios sobre Altas Capacidades, Intelixencia e Creatividade. Membro da Sociedade Española para o Estudo da Superdotación e membro da Asociación Española de Psicoloxía Educativa.

RELATORIO 1B

Data: 19.05.2016
Horario: 19:00h-20:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con traducción simultánea)
Nivel: Avanzado
Título: *"O uso do Enriquecemento de Tipo II para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe"*

Síntese:

O enriquecemento é unha intervención educativa deseñada para involucrar, motivar e desafiar aos alumnos e alumnas. Nesta presentación, os participantes se achegarán ás actividades de Enriquecemento de Tipo II que forma parte da Tríada do Modelo de Renzulli.

O Enriquecemento de Tipo II inclúe dous tipos de actividades; as Xerais (Habilidades cognitivas, afectivas e habilidades de autoaprendizaxe que necesitan todos) e as Metodolóxicas (Habilidades específicas que os alumnos necesitan para completar unha actividade de Tipo III.)

Ponente: Carla Brigandi

Carla é doutora en Educación, profesora, especialista e coordinadora en programas enriquecemento para alumnos con altas capacidades. Carla é relator habitual en conferencias, incluíndo a *National Association for the Gifted Children (NAGC)* e CONFRATUTE, na Universidade de Connecticut. Carla ensina en programas de desenvolvemento profesional dentro dunha ampla gama de temas relacionados coa educación de dotados e talentosa, así como o Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM). Acaba de aceptar o seu primeiro posto na Universidade de Connecticut como profesora asociada.

RELATORIO 2A

Data: 20.05.2016
Horario: 09:00h-10:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con traducción simultánea)
Nivel: Inicial
Título: "SEM overview"

Síntese:

Este relatorio proporcionará unha visión xeral da Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM).

O modelo, baseado en máis de 35 anos de investigación e implantación, consiste na infusión de "aprendizaxe de alto nivel" e ten como obxectivo o proporcionar actividades enriquecedoras e motivadoras aos alumnos e alumnas.

Se presentarán as estratexias e ferramentas que podemos empregar para implementar o modelo nas nosas aulas.

Ponente: Nicole Waicunas

Nicole é profesora con formación de posgrao en Educación en Altas Capacidades pola Universidade de Connecticut. Actualmente actúa como Coordinadora de SEM *Outreach en Neag Center for Gifted Education and Talent Development*. Como profesora de secundaria, Nicole foi pioneira na introdución do Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM) na aula. En 2012, Nicole foi unha de vinte profesores seleccionados en EUA para ser recoñecidos polos Premios *Inspirational Teacher Sondheim Kennedy Center*. O premio recoñece publicamente profesores poñendo de relevo o seu extraordinario impacto na vida dos estudantes e celebrando o importante papel dos docentes na sociedade.

RELATORIO 2B

Data: 20.05.2016
Horario: 09:00h-10:30h
Planta: Caja de los Milagros (Planta 0)
Idioma: Español
Nivel: Avanzado
Título: *"O desexo de crear ou crear desexos"*

Síntese:

Neste relatorio se analizarán as variables que definen o pensamento creativo dende diferentes perspectivas e teorías. Se relacionará a creatividade co proceso de aprendizaxe, desentramando cales son as claves para reforzar e incentivar a creatividade nas aulas e contribuíndo, así, a favorecer a aparición e desenvolvemento do talento creativo no alumnado galego.

Ponente: Carmen Pomar Tojo

Directora académica do proxecto de formación do profesorado galego en identificación e promoción do talento nas aulas galegas.

Doutora en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é profesora no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación. Foi Premio Extraordinario de Licenciatura e de Traballo de Investigación de Licenciatura. Alumno de Joe Renzulli na Universidade de Connecticut no curso CONFRATUTE e estanza postdoutoral na Universidade de Virginia tutorizada por Carolyn Callahan.

É Directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades que pertence ao servizo de Psicoloxía da Facultade de Psicoloxía da USC. Ademais é Asesora Técnica da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC) e Directora Técnica do Programa de Enriquecemento que desenvolve a citada Asociación en convenio coa USC. Profesora en Máster sobre Educación, Familia, Literatura Infantil e Necesidades Educativas Especiais nas Universidades de Santiago e de Vigo. Profesora en cursos e seminarios sobre Altas Capacidades, Intelixencia e Creatividade. Membro da Sociedade Española para o Estudo da Superdotación e membro da Asociación Española de Psicoloxía Educativa.

RELATORIO 3

Data: 20.05.2016
Horario: 19:00h-20:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con traducción simultánea)
Nivel: Todos
Título: "Words of Wisdom"

Síntese:

Neste relatorio o Dr. Joseph Renzulli fálanos fálaranos das estratexias e recursos para implementar o Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM), un enriquecemento que contribúe á mellora das escolas e a axudalles a converterse en centros para o desenvolvemento do talento.

Ponente: Joseph S. Renzulli

Joseph S. Renzulli é Director do Neag *National Research Center on the Gifted and Talented* da Universidad de Connecticut, un dos centros de investigación de referencia internacional no campo das altas capacidades a nivel mundial. En 2009 é o gañador do *Harold W. McGraw, Jr. Prize in Education*, considerado por moitos o Nobel de la Educación. A *American Psychological Association* designouno entre os 25 psicólogos máis influentes do mundo. É coñecido mundialmente polo Modelo dos Tres Aneis das Altas Capacidades e polo Modelo SEM ou de Enriquecemento Triádico. É consultor de centros de investigación e das mellores revistas internacionais no campo da Educación e das Altas Capacidades. É referente mundial no ámbito das Altas Capacidades e ten máis dun centenar de traballos publicados sobre altas capacidades.

RELATORIO 4A

Data: 21.05.2016
Horario: 09:00h-10:30h
Planta: Caja de los Milagros (Planta 0)
Idioma: Español
Nivel: Inicial
Título: *"Vivindo intensamente"*

Síntese:

Os nenos e nenas con Altas Capacidades (AC) son a miúdo mal entendidos . As súas emocións son vistas como excesivas, a súa alta enerxía como hiperactividade, a súa persistencia como impertinencia, a súa imaxinación como dispersión , a súa paixón por disruptividade,, as súas fortes emocións e sensibilidade como inmadurez, a súa creatividade e autodirección como oposición.

Neste Módulo poñerémonos no lugar destes nenos e nenas para poder comprender como senten, pensan e perciben o mundo e desta maneira cubrir as súas necesidades emocionais e sociais así como afectivas.

Ponente: Laura Reyes Quintela

Diplomada en Educación Social e membro da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da USC como responsable de comunicación e innovación, ademais de impartir formación nos centros escolares de Galicia. Foi coordinadora académica na edición 2014 do proxecto de formación do profesorado galego en identificación e promoción do talento nas aulas galegas. Na actualidade é cofundadora do proxecto cooperativo Luscofusco, un espazo infantil que ofrece unha educación baseada no respecto aos intereses e ao momento evolutivo dos nenos e nenas, guiándoos no desenvolvemento dos seus talentos.

Supervisora educativa nos programa de enriquecemento "Ronsel do Campus" e coordinadora SEM do Proxecto QvO que pertence ao programa Coruña Diversidade do Concello de A Coruña, é formadora en pedagogía non directiva ou alternativa. Recibiu formación no campo da neuropsicoeducación e participou como alumna invitada no CONFRATUTE, curso de verán dirixido por Joseph Renzulli e Sally Reis na Universidade de Connecticut.

RELATORIO 4B

Data: 21.05.2016
Horario: 09:00h-10:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con traducción simultánea)
Nivel: Avanzado
Título: *"Why Enrichment Makes a Difference: Results of Longitudinal Research on the SEM"*

Síntese:

Existen evidencias convincentes sobre a mellora nas vidas dos nenos e nenas grazas ao enriquecemento, en xeral e aos programas de enriquecemento curricular, en particular. Nesta conferencia preséntanse os resultados de estudos que proban que os programas de enriquecemento poden influír profunda e positivamente na vida dos nosos estudantes e suxire formas de axudar aos alumnos e alumnas a desenvolver os seus talentos, centrándose nas súas fortalezas e intereses.

Ponente: Sally M. Reis

Sally M. Reis é profesora distinguida no departamento de Psicoloxía da Educación da Universidade de Connecticut, onde tamén traballa como Investigadora Principal do Centro Nacional de Investigación sobre o talento. É autora de máis de 130 artigos, 14 libros, 60 capítulos de libros e numerosas monografías e informes técnicos. Recentemente foi galardoada co premio máis importante no seu campo, o Distinguished Scholar of the *National Association for Gifted Children*. Xunto con Joseph Renzulli creou o Modelo SEM de Enriquecemento Triádico e é referencia mundial no ámbito das Altas Capacidades.

RELATORIO 5

Data: 21.05.2016
Horario: 11:00h-12:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Español/Inglés
Nivel: Todos
Título: *"O desenvolvemento socio-emocional dos nenos e nenas"*

Síntese:

Manuel sofre bullying. María se estresa polas súas notas e a Sara preocúpalle a fame no mundo. Marcos ten dificultades coas súas relacións de amizade e Xoana oculta as súas habilidades para poder integrarse no grupo.

Nesta conferencia se nos falará das características e necesidades sociais e emocionais dos nenos e nenas de AC así como das dificultades ás que se enfrontan e como os docentes poden atendelas na aula.

Ponente: Nicole Waicunas y Laura Reyes Quintela

Nicole é profesora con formación de posgrao en Educación en Altas Capacidades pola Universidade de Connecticut. Actualmente actúa como Coordinadora de SEM Outreach en *Neag Center for Gifted Education and Talent Development*. Como profesora de secundaria, Nicole foi pioneira na introdución do Modelo de Enriquecemento Escolar (SEM) na aula. En 2012, Nicole foi unha de vinte profesores seleccionados en EUA para ser recoñecidos polos Premios *Inspirational Teacher Sondheim Kennedy Center*. O premio recoñece publicamente profesores poñendo de relevo o seu extraordinario impacto na vida dos estudantes e celebrando o importante papel dos docentes na sociedade.

Laura é Diplomada en Educación Social e membro da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da USC como responsable de comunicación e innovación, ademais de impartir formación nos centros escolares de Galicia. Foi coordinadora académica na edición 2014 d proxecto de formación do profesorado galego en identificación e promoción do talento nas aulas galegas. Na actualidade é cofundadora do proxecto cooperativo Luscofusco, un espazo infantil que ofrece unha educación baseada no respecto aos intereses e ao momento evolutivo dos nenos e nenas, guiándoos no desenvolvemento dos seus talentos.

Supervisora educativa nos programa de enriquecemento "Ronsel do Campus" e coordinadora SEM do Proxecto QvO que pertence ao programa Coruña Diversidade do Concello de A Coruña, é formadora en pedagogía non directiva ou alternativa. Recibiu formación no campo da neuropsicoeducación e participou como alumna invitada no CONFRATUTE, curso de verán dirixido por Joseph Renzulli e Sally Reis na Universidade de Connecticut.

RELATORIO 6

Data: 21.05.2016
Horario: 12:30h-14:00h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con tradución simultánea)
Nivel: Todos
Título: *"The Underachievement Dilemma"*

Síntese:

O baixo rendemento dos alumnos de altas capacidades é un dos problemas máis frustrantes que os docentes atopan nas aulas. Que causa o baixo rendemento? Como podemos axudar a desenvolver os talentos dos estudantes que teñen baixos resultados na escola? Que intervencións funcionan para motivar a estes alumnos e alumnas? Estas e outras preguntas serán exploradas neste relatorio.

Ponente: Sally M. Reis

Sally M. Reis é profesora distinguida no departamento de Psicoloxía da Educación da Universidade de Connecticut, onde tamén traballa como Investigadora Principal do Centro Nacional de Investigación sobre o talento. É autora de máis de 130 artigos, 14 libros, 60 capítulos de libros e numerosas monografías e informes técnicos. Recentemente foi galardoada co premio máis importante no seu campo, o *Distinguished Scholar of the National Association for Gifted Children*. Xunto con Joseph Renzulli creou o Modelo SEM de Enriquecemento Triádico e é referencia mundial no ámbito das Altas Capacidades.

RELATORIO 7

Data: 21.05.2016
Horario: 16:00h-17:30h
Planta: Auditorio (Planta 5ª)
Idioma: Inglés (con traducción simultánea)
Nivel: Todos
Título: "Houndstooth"

Síntese:

Que é o que causa que algunhas persoas mobilicen os seus principios interpersoais, políticos, ambientais, éticos e morais de tal maneira que poñan os intereses humanos e o ben común por encima da ganancia material, o ego, e a auto-indulxencia?

Nesta presentación imos explorar como desenvolver trazos que teñen o potencial de cambiar literalmente o mundo para mellor. A presentación céntrase en características como a coraxe, optimismo, unha sensación de poder cambiar as cousas, a visión e un sentido de destino, e a capacidade de namorarse dun tema ou disciplina.

Tamén describirá os procedementos para o desenvolvemento das funcións executivas, como a planificación, orientación á acción, a xestión do tempo, e traballar cooperativamente con outros.

Ponente: Joseph S. Renzulli

Joseph S. Renzulli é Director do *Neag National Research Center on the Gifted and Talented* da Universidade de Connecticut, un dos centros de investigación de referencia internacional no campo das altas capacidades a nivel mundial. En 2009 é o gañador do *Harold W. McGraw, Jr. Prize in Education*, considerado por moitos o Nobel de la Educación. A *American Psychological Association* designouno entre os 25 psicólogos máis influentes do mundo. É coñecido mundialmente polo Modelo dos Tres Aneis das Altas Capacidades e polo Modelom SEM ou de Enriquecemento Triádico. É consultor de centros de investigación e das mellores revistas internacionais no campo da Educación e das Altas Capacidades. É referente mundial no ámbito das Altas Capacidades e ten máis dun centenar de traballos publicados sobre altas capacidades.

OBRADOIROS

OBRADOIRO 1A

Data: 19.05.2016
Horario: 16:00h-17:30h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: “Cocacola para todos”

Síntese:

Este traballo parte da importancia de poñer en valor e recoñecer a atención do alumnado con Altas Capacidades como alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, reflexionando sobre a normativa que a regula e os procesos de detección e intervención.

Desta forma, analízanse os primeiros pasos para implementar na Educación Primaria un Programa de Enriquecemento Curricular tomando como epicentro a aprendizaxe cooperativa. Os obxectivos a acadar son moi concretos:

- Mellora das competencia en comunicación lingüística (expresión oral e escrita) e da creatividade de todo o alumnado implicado, e no só dos alumnos/as de Altas Capacidades.
- Adquisición de habilidades sociais que axuden a establecer relacións positivas no entorno do alumnado con Altas Capacidades, promovendo a empatía e o sentimento de grupo.

Tendo como referencia esta experiencia, valóranse pros e contras da implantación dun programa destas características, o papel da persoa orientadora como dinamizadora do proceso e a forma de implicar ás familias ante un cambio metodolóxico. Enfócase como un estudo precursor á implantación do traballo por proxectos.

Ponentes: Margarita Beceiro Caneiro e Purificación Álvarez Villamarín

OBRADOIRO 1B

Data: 19.05.2016
Horario: 16:00h-17:30h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: “Actúo, logo existo”

Síntese:

Traballaremos a través do teatro e das emocións que xorden a través del e dos personaxes aos que se lles dá vida, como contar historias que sexan análogas en diferentes "imaxinarios", de distintas idades e condicións sociais, así poderemos poñernos na pel do outro, sexa cual sexa a súa característica.

Ponentes: Estivaliz Veiga Veiga

OBRADOIRO 2A

Data: 19.05.2016
Horario: 17:30h-18:30h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "Aerolíneas SEM aterrizan na escola: potenciación e democratización do Talento"

Síntese:

Implantando o Modelo de Enriquecemento Escolar na escola galega. Neste módulo mostrarase a experiencia de levar o modelo SEM a dúas aulas de inglés de 5º de Primaria do CEIP "Otero Pedrayo" de Laracha. Partindo dos intereses dos alumnos e buscando sempre a aprendizaxe significativa, tratouse sempre de potenciar o Talento. A compactación curricular como ferramenta metodolóxica a disposición do profesor, co obxectivo de facer do enriquecemento escolar un proceso democrático, do cal se beneficien todos e que dea a oportunidade de afondar en coñecemento avanzado a aqueles que así o queiran.

Ponentes: Jose A . Pallero Bote

OBRADOIRO 2B

Data: 19.05.2016
Horario: 17:30h-18:30h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "Challenge Accepted"

Síntese:

Crees que no teu centro é imposible implementar clusters de enriquecemento? Contámosche a nosa experiencia para implicar a todos os profesores e alumnos e levar a cabo máis de trinta clusters simultáneos.

Neste obradoiro contarémosche como o fixemos.

Ponentes: Iria Rodríguez Díaz

OBRADOIRO 3A

Data: 20.05.2016
Horario: 11:00h-12:30h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "Falling"

Síntese:

Neste taller práctico o suxeito terá a oportunidade de facer unha busca interior e desbloquear o pudor a expresarse artisticamente. Baixo unha estrutura de actividades delimitadas, iranse conseguindo obxectivos específicos sumados farán que que o suxeito avance, e se deixe caer, cara ao que pode chegar a ser...

Ponentes: Sonia González Varela

OBRADOIRO 3B

Data: 20.05.2016
Horario: 11:00h-12:30h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "O SEM nú"

Síntese:

Toda innovación pedagóxica provoca no profesorado unha recua de medos, dúbidas e preguntas acerca da implantación na aula. Neste taller compartiremos experiencias e trucos e falaremos dos posibles problemas que implica a adaptación ó SEM.

Ponentes: Irene Paz Johnstone

OBRADOIRO 4A

Data: 20.05.2016
Horario: 12:30h-14:0h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: “Qué sente Amanda cando sube escea?”

Síntese:

Breve introdución audiovisual ao enriquecemento no Módulo de Teatro no Colexio Eduardo Pondal. Traballo das emocións, a improvisación e a expresión corporal por medio de exercicios de teatro básico para aplicar na aula.

É moi importante que o docente descubra por si mesmo que a empatía é o seu mellor aliado para crear un grupo de teatro. O mellor modo de entender algo tan elemental e aventurado é vivir nas súas propias carnes a experiencia de concibir e escenificar unha sinxela creación teatral.

O alumno cando se converte no creador da “súa” obra escénica, adquire un ineludible sentido da disciplina e a responsabilidade. No proceso de creación os nosos alumnos teñen a oportunidade de apreciar a estética, descubrir o sentido do traballo en equipo, a orde, a constancia, a elocuencia, a empatía, a expresión corporal, a obediencia, a confianza en si mesmos, por suposto axúdalles a comprender a natureza humana e non o dubidades conseguirán ser máis conscientes da súa propia capacidade de comunicación.

Ponente: Ángel Currás Paredes

OBRADOIRO 4B

Data: 20.05.2016
Horario: 12:30h-14:00h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos

Título: “Participación sen colorantes nen conservantes”**Síntese:**

Autores de recoñecido prestixio, postulan que despois de 2 semanas tendemos a lembrar un 70% do que dicimos e un 90% do que dicimos e facemos; polo que está claro, que é necesario avanzar cara a un modelo de adquisición do coñecemento no que os alumnos e alumnas protagonicen actividades participativas, receptivas e puras, nas que se involucren e tomen as rendas da súa propia aprendizaxe.

Todos temos experiencias de aprender algo ensinándoo, por iso neste taller desde unha perspectiva dunha educación formal en pleno cambio, abordaremos estratexias e técnicas para propiciar que os estudantes aprendan ensinando, co claro obxectivo de que profesores e alumnos compartan a docencia e que a bidireccionalidade na aprendizaxe sexa un factor crave na adquisición do coñecemento, na promoción da detección do talento nas nosas aulas e na potenciación das habilidades dos nosos alumnos e alumnas.

Ponentes: Miriam Fernández Barreiros

OBRA DOIRO 5A

Data: 20.05.2016
Horario: 16:00h-17:30h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: “¿É posible innovar sen cooperar?”

Síntese:

A aprendizaxe cooperativa non soamente considérase un bo recurso para ensinar no aula senón que abre a posibilidade de atender a diversidade do noso alumnado permitindo que cada un desenvólvese ao máximo das súas posibilidades e converténdose así nunha boa estratexia de personalización da aprendizaxe.

Pero a cultura colaborativa dun centro educativo transcende a límites da aula e se traslada aos vínculos que se establecen na comunidade educativa: como aprendemos os profesionais da educación?, somos conscientes da importancia de traballar en equipo?, cal é a nosa relación coas familias do alumnado?

Ao longo da sesión, interaccionando entre nós e xogando con diferentes elementos, descubriremos unha serie de ferramentas moi útiles se estamos decididos a que na aula os alumnos participen activamente, sentan máis motivados a traballar e aprendan xuntos. Pero tamén reflexionaremos acerca da cooperación como factor imprescindible no proceso de innovación educativa.

Ponentes: Betina Represas Vázquez

OBRADOIRO 5A

Data: 20.05.2016
Horario: 16:00h-17:30h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "Del Faber Castell al Cluster"

Síntese:

Como en grao sumo tradicional pasamos todo o máis innovador. Unha proposta de enriquecemento curricular para nenos de infantil, de 3 a 6 anos. A partir de temáticas propostas polos nenos, coa colaboración de persoal do centro, persoal docente, non só de infantil e non docente, cun obxectivo claro, a elaboración dun produto final.

Ademais explicaremos o proceso paulatino de abandono de prácticas máis tradicionais e procura dunha metodoloxía de traballo acorde cunha imaxe de neno corresponsable e artífice da súa propia aprendizaxe.

Ponentes: Marta Nespereira Rodríguez y Montserrat Rubio Arias

OBRADOIRO 6A

Data: 20.05.2016
Horario: 17:30h-18:30h
Planta: Planta 4ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: "Pavo a mel con sabor a Roma"

Síntese:

Búscase presentar un programa que tomando como base o modelo SEM (Modelo de Enriquecemento Escolar) permita ao docente integrar todos os elementos que entran en xogo no proceso de E-A do alumnado espremendo ao máximo os seus beneficios, a par que lle brinda novas estratexias para dar respostas axustadas a realidade dunhas aulas cada vez mais plurais e heteroxéneas enriquecendo o proceso no seu conxunto.

Ponentes: Susana López Fernández

OBRADOIRO 6B

Data: 20.05.2016
Horario: 17:30h-18:30h
Planta: Planta 3ª
Idioma: Español
Nivel: Todos
Título: “Ritualización da espera e algúns trucos de maxia”

Síntese:

Os enfoques máis vangardistas na educación artística sitúan o profesor no papel dun investigador que promove proxectos colectivos que involucran os alumnos, a profesores doutras áreas, pais, institucións e membros da comunidade. A súa busca aliméntase de transversalidade, visibilidade e posta en práctica das ideas que estimulan a observación, a imaxinación, a abstracción, as analoxías, a empatía, a psicomotricidade...

A actividade artística (necesariamente crítica, provocadora, lúdica) ten unha vocación transformadora, dos contextos, os contidos e as actitudes. En palabras de Eisner, a arte fai una contribución única ao coñecemento.

Ponentes: Guillermo Calviño Santos

PRESENTACIÓNS. BOAS PRÁCTICAS EDUCATIVAS

Data: 21.05.2016
Horario: 17:30h-19:30h
Planta: Planta 5ª
Idioma: Español
Nivel: Todos

IES ArcebispoXelmirez II

José Luis Martín Iglesias. Xefe do Departamento de Física e Química

IES de Brión

Luz Ramos López. Profesora de Tecnoloxía
Xabier Lorenzo Abalde. Profesor de Debuxo Técnico

CEIP Anxo da Garda

Alfonso González López. Profesor titor de 6º de EP e Coordinador TIC

CEIP Condessa de Fenosa

Mª Carmen García Fernández. Profesoratitora de 3º de Educación Primaria

CEIP Antonio Pedrosa Latas

Rosa Mª Rodríguez García. Profesora Especialista en Lingua Inglesa

CPR Eduardo Pondal

Mª del Carmen Vilas Iglesias. Profesora titora de 6º de Educación Primaria
José Martínez de la Torre. Profesor titor de 6º de Educación Primaria

CPI Ramón Piñeiro

Sonia González Varela. Profesora de Educación Plástica Visual e Audiovisual,
Alternativa a Religión e Obradoiro de Iniciativa Emprendora

CPR Plurilingüe La Inmaculada

Irma García Caínzos. Directora do centro
Alberto Chenel Rosende. Xefe de estudos do centro

CEIP Louro

Silvia Pérez Madariaga. Profesora titora de 1º de Educación Primaria e
especialista de Educación Musical

CEIP Carballal de Marín

Charo Martínez Epifanio. Profesora de 6º de Educación Primaria

CPR Plurilingüe Santa María-Maristas

José Carlos Domínguez Alonso. Orientador do centro

CPR La Grande Obra de Atocha

Iria Rodríguez Díaz. Profesora na Etapa de Educación Secundaria

Paula Expósito Mera. Profesora na Etapa de Educación Infantil

CPR Plurilingüe Salesianos San Juan Bosco

Marta Nespereira Rodríguez. Pedagoga Terapéutica

Montse Rubio Arias. Profesora na Etapa de Educación Infantil

Cee Panxón

Rafael Lores Rosal. Director do centro.

Betina Represas Vázquez. Orientadora do centro

Mª Lourdes Bangueses Pereira. Pedagoga Terapéutica e Xefa de estudos

Óscar Prego Boente. Profesora especialista en Bioloxía

Mª Isabel Calvelo Bellón. Profesora especialista en Lingua inglesa